



ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

CENTRO: CEIP ALBEIROS

CURSO: 5º DE EP

MATERIA: EDUCACIÓN FÍSICA

DATA: 7-5-2020



ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 2 DE 10	CENTRO: CEIP ALBEIROS CURSO: 2019/2020 MATERIA:
--	-------------------	---

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B.1.1. Opinar coherenetemente con actitude crítica, tanto desde a perspectiva de participante como de espectador ou espectadora, ante as posibles situacións conflitivas xurdidas, participando en debates, e aceptando as opinións dos e das demais.	EFB1.1.2. Explica aos seus compañeiros e compañeiras as características dun xogo practicado na clase e o seu desenvolvemento.
	EF1.1.4. Recoñece e cualifica negativamente as condutas inapropiadas que se producen na práctica ou nos espectáculos deportivos.
B1.2. Extraer e elaborar información relacionada con temas de interese na etapa e compartila, utilizando fontes de información determinadas e facendo uso das novas tecnoloxías da información e a comunicación como recurso de apoio á área.	EF1.2.1. Utiliza as novas tecnoloxías para localizar e extraer a información que se lle solicita.
	EF1.2.2. Presenta os seus traballos atendendo ás pautas proporcionadas, con orde, estrutura e limpeza e utilizando programas de presentación.
	EB1.2.3. Expón as súas ideas de forma coherente e exprésase de forma correcta en diferentes situacións e respecta as opinións dos e das demais.
B1.3. Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e ás demais persoas nas actividades físicas e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas e actuando con interese e iniciativa individual e traballo en equipo.	EFB1.3.1. Ten interese por mellorar a competencia motriz.
	EFB1.3.2. Demuestra autonomía e confianza en diferentes situacións, resolvendo problemas motores con espontaneidade e creatividade.
B2.1. Valorar, aceptar e respectar a propia realidade corporal e a dos e das demais, mostrando unha actitude reflexiva e crítica.	EFB2.1.1. Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz entre os nenos e nenas da clase.
	EFB2.1.2. Toma de conciencia das esixencias e valoración do esforzo que comportan as aprendizaxes de novas habilidades.
B5.1. Recoñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar, manifestando unha	EFB5.1.1. Ten interese por mellorar as capacidades físicas.

actitude responsable cara a un mesmo.	EFB5.1.2. Relaciona os principais hábitos de alimentación coa actividade física (horarios de comidas, calidade/cantidade dos alimentos ingeridos...)
	EFB5.1.3. Recoñece os efectos beneficiosos do exercicio físico para a saúde e os prexudiciais do sedentarismo, dunha dieta desequilibrada e do consumo de alcohol, tabaco e outras substancias.
	EFB5.1.4. Adopta hábitos posturais axeitados na súa vida cotiá e na práctica da actividade física, recoñecendo a súa importancia para saúde.
	EFB5.1.5. Realiza os quecementos de forma autónoma e sistemática.
B6.1. Resolver retos tácticos elementais propios do xogo e de actividades físicas, con ou sen oposición, aplicando principios e regras para resolver as situacións motrices, acuando de forma individual, coordinada e cooperativa e desempeñando as diferentes funcións implícitas en xogos e actividades.	EFB6.1.1. Utiliza os recursos adecuados para resolver situacións básicas de táctica individual e colectiva en diferentes situacións motrices.
	EFB6.1.2. Realiza combinacións de habilidades básicas axustándose a un obxectivo e a uns parámetros espazo-temporais.
B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz.	EFB3.1.1. Realiza desprazamentos adaptándose a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas axustándose a parámetros espazo-temporais e intentando manter o equilibrio postural.
	EFB3.1.2. Realiza a habilidade motriz básica de salto adaptándose a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e intentando manter o equilibrio postural.
	EFB3.1.3. Adapta as habilidades motrices básicas de manipulación de

	<p>obxectos (lanzamento, recepción, golpeo...) a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas interiorizando e aplicando os xestos cos segmentos dominantes e iniciando a práctica dos non dominantes.</p>
	<p>EFB3.1.4. Aplica as habilidades motrices de xiro a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas tendo en conta os dous eixes corporais e os dous sentidos, e axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e intentando manter o equilibrio postural.</p>
	<p>EFB3.1.5. Mantén o equilibrio en diferentes posicións e superficies.</p>
	<p>EFB3.1.6. Realiza actividades físicas e xogos no medio natural ou en contornos non habituais, adaptando as habilidades motrices á diversidade e incerteza procedente da contorna e ás súas posibilidades.</p>
<p>B4.1. Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, de forma estética e creativa, comunicando sensacións, emocións e ideas.</p>	<p>EB4.1.1. Representa personaxes, situacións, ideas, sentimentos utilizando os recursos expresivos do corpo individualmente, en parellas ou en grupos.</p>
	<p>EFB4.1.2. Representa ou expresa movementos a partir de estímulos rítmicos ou musicais, individualmente, en parellas ou grupos.</p>
	<p>EFB4.1.3. Coñece e leva a cabo bailes e danzas representativas da cultura galega e doutras culturas, seguindo unha coreografía básica.</p>
	<p>EFB4.1.4. Constrúe e leva a cabo composicións grupais en interacción cos compañeiros e compañeiras utilizando os recursos expresivos do corpo e partindo de estímulos musicais ou plásticos.</p>

B4.2. Relacionar os conceptos específicos de Educación Física e os introducidos noutras áreas coa práctica de actividades artístico-expresivas.	EFB4.2.1. Identifica a capacidade física básica implicada de forma máis significativa nas actividades expresivas.
	EFB4.2.2. Recoñece a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas para a mellora das habilidades motrices implicadas nas actividades artístico-expresivas.
B5.2. Mellorar o nivel das súas capacidades físicas, regulando e dosificando a intensidade e duración do esforzo, tendo en conta as súas posibilidades e a súa relación coa saúde.	EFB5.2.1. Mostra unha mellora global con respecto ao seu nivel de partida das capacidades físicas orientadas á saúde.
	EFB5.2.2. Relaciona a frecuencia cardíaca e respiratoria, con distintas intensidades de esforzo.
	EFB5.2.3. Comeza a adaptar a intensidade do seu esforzo ao tempo de duración da actividade.
B5.3. Identificar e interiorizar a importancia da prevención, a recuperación e as medidas de seguridade na realización da práctica da actividade física.	EFB5.3.1. Explica as lesións e enfermidades deportivas máis comúns, así como as accións preventivas e os primeiros auxilios básicos.
B6.2. Coñecer e poñer en práctica a diversidade de actividades físicas, lúdicas, deportivas, en especial as de Galicia.	EBB6.2.1. Recoñece as diferenzas, características entre xogos populares, deportes colectivos, deportes individuais e actividades na natureza.
	EFB6.2.3. Realiza distintos xogos e deportes tradicionais de Galicia respectando principios e regras destes.

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos: A avaliación das aprendizaxes desenvolvidas a partir da suspensión das actividades lectivas presenciais será continua e global e acentuará o seu carácter diagnóstico e formativo para valorar os avances realizados e os atrasos que se puidesen producir, con obxecto de planificar as medidas de recuperación que sexan necesarias e programar o vindeiro curso. En todo caso, a avaliación das actividades realizadas na fase non presencial so poderá ter valor positivo para a cualificación do alumnado.</p> <p>Quen promocióne sen superar todas as áreas, seguirá un programa de reforzo destinado a recuperar as aprendizaxes non adquiridas e deberá superar a avaliación correspondente a dita programación.</p> <p>A promoción de curso será a norma xeral en todas as etapas, considerándose a repetición de curso unha medida moi excepcional, que non poderá estar baseada unicamente no número de materias non superadas, e deberá estar solidamente argumentada e acompañada dun plan preciso de recuperación para cada alumno ou alumna.</p> <p>Instrumentos:</p> <p>Para avaliar neste terceiro trimestre e tendo en conta a situación especial só se usarán as actividades entregadas por parte dos alumnos, mediante fotos, carteis, vídeos... entregados vía mail ou aula virtual. As tarefas explicaranse vía vídeo nas redes sociais, aula virtual ou mail.</p>
Cualificación final	<p>A avaliación e cualificación adaptarase, tendo en consideración que se realizará sobre <u>as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso</u>, non podendo ser nunca inferior á da segunda.</p>
Alumnado de materia pendente	<p>Criterios de avaliación: Prestarase especial atención á avaliación do alumnado con materias pendentes. Teranse en conta os traballos dos alumnos así como a actitude de cara á aprendizaxe. Enténdese a aprendizaxe como un proceso contínuo, no que os contidos se interrelacionan.</p> <p>Criterios de cualificación: No caso do alumnado do que non se dispoña de información obxectiva para unha avaliación de materias pendentes ou con avaliación negativa, poderá ser convocado a unha proba telemática, se a situación sanitaria non permite a realización de probas presenciais. Esta proba poderá ser substituída pola realización de traballos ou actividades que permitan unha avaliación obxectiva.</p> <p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p> <p>Para realizar a avaliación teranse en conta todos os traballos entregados. Así como aspectos de presentación, boa letra, decoración, disposición positiva ao traballo... Para calcular a nota final partirase da nota da segunda avaliación e poderá subirse ata 1 punto dita cualificación en base a ditos traballos entregados, participación nos mesmos, presentación, calidade...</p> <p>Para os alumnos con materias pendentes a avaliación farase igual, aínda que se pode requerir facer unha proba ou uns traballos de mínimos se</p>

	son necesarios para que poidan superar a materia. (Dependendo das posibilidades de cada familia e dos recursos).
--	--

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>Durante o terceiro trimestre desenvolveranse actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes anteriores que resulten necesarias para todo ou parte do seu alumnado. Esta ampliación das aprendizaxes tomará como referentes aqueles obxectivos e competencias clave máis necesarios para a adecuada progresión do alumnado e que para a súa asimilación requiran a mínima intervención docente.</p> <p>Na medida do posible, deseñaránse actividades globalizadoras e interdisciplinares, debidamente titorizadas, promovendo o traballo colaborativo entre os equipos docentes das distintas áreas e materias nas etapas, ciclos ou ensinanzas en que sexa posible.</p> <p>Para o alumnado que non adquirise as aprendizaxes e competencias imprescindibles nos dous primeiros trimestres do curso, proporánse actividades que lles axuden a adquirilas e superar a materia, co obxectivo de que os alumnos e alumnas poidan continuar o seu itinerario formativo.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>Alumnado con conectividade: Unha vez comunicado ao alumnado como será o procedemento de avaliación, e unha vez comunicado que o traballo do terceiro trimestre, segundo as instrucións da consellería, terá un carácter de repaso, reforzo e ampliación de aprendizaxes moi concretos, a metodoloxía necesariamente será motivadora a través de actividades globais que integren na medida do posible varias competencias básicas .</p> <p>Alumnado sen conectividade: Igual. As actividades propostas se farán chegar a través doutras canles.</p>
Materiais e recursos	<p>Neste trimestre estánse a empregar actividades globalizadas e motivadoras, fichas, vídeos nas redes sociais, elaboración de materiais, recursos on line, videochamadas cos nenos e as súas familias, xogos para traballar os contidos, competencias, estándares... Ademais dunha continua comunicación coas familias mediante correo electrónico, aula virtual, videoconferencias e abalar móbil, tendo en conta as diferentes situacións e realidades e adaptando todo o posible os medios para chegar a todo o alumnado.</p>

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	O centro informará ás familias a través dunha circular, da publicación na web deste documento. Ademais indicárase que as posibles dúbidas, aclaracións se consulten ao titor polo medio habitual de comunicación con este, a través do cal lles fará chegar dita información.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.